

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE MARZO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se designan aos responsables de transparencia no sector público autonómico, se autorizan a aprobación dos modelos normalizados de solicitude de acceso á información pública e de declaracións a formular polos altos cargos e se acorda a posta en marcha do Portal de Transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Baiona para a execución das obras de "Humanización da travesía interior de Sabarís (fase III)", actuación na Rúa Areas que vai dende a glorietta Santos Peralba ata o cruce coa Avenida da Praia Ladeira, cun importe de douscentos oitenta e un mil cincocentos euros (281.500,00€).
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a contratación da "Explotación, mantemento e conservación da Planta de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (expediente 2/2016 CA)" cun valor estimado de douscentos trinta e un millóns catrocentos corenta e un mil cento corenta e tres euros con vinte e cinco céntimos (231.441.143,25 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), para o financiamento de recursos de información científica en liña, por un importe total de un millón cento setenta e cinco mil setecentos quince euros (1.175.715 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (Uvigo), para proporcionar ao persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia (SUG), acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar e o Consello Superior de Investigacións Científicas, a través do Instituto de Investigacións Mariñas para a análise dos datos recollidos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura no programa de monitoraxe da frota de baixura e a formación dos técnicos desta unidade nas técnicas empregadas, por importe de cento oitenta mil euros (180.000,00€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 3/2016, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 3 do Porriño, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Marina Rodríguez Barciela.
- Informe sobre o resultado da colaboración do grupo Erpol da Unidade de Policía Adscrita coa Subdirección Xeral de Gardacostas en materia de loita contra ofurtivismo e marisqueo ilegal durante o ano 2015.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a nova Axenda 20 para o Emprego.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Vermella Española en Galicia, para a execución dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito ou en situación de vulnerabilidade extrema.
- Informe sobre o programa Iniciativa Xove.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de reestruturación parcelaria 2016.

O LUNS ENTRA O FUNCIONAMENTO O PORTAL DE TRANSPARENCIA QUE OFRECE Á CIDADANÍA MAIOR INFORMACIÓN E CONTROL SOBRE O GOBERNO

- *O Portal de Transparencia e Goberno Aberto bota a andar o 7 de marzo, o mesmo día que entra en vigor a Lei de transparencia e bo goberno*
- *Facilitará o acceso directo a contido que antes se publicaba de xeito disperso e ofrecerá información inédita que por primeira vez se fai pública*
- *O novo portal tamén ofrecerá aos cidadáns a posibilidade de presentar de xeito electrónico solicitudes de información pública á Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta deu luz verde a un acordo que desenvolve a recentemente aprobada Lei de transparencia e bo goberno e que permitirá que en canto entre en vigor, o vindeiro luns, os cidadáns conten cunha lei plenamente efectiva e cun Goberno máis aberto, máis accesible e máis controlado por todos os galegos e galegas.

Así, en primeiro lugar, o acordo autoriza a posta en marcha do Portal de Transparencia e Goberno Aberto desde o mesmo 7 de marzo. Este portal vai estruturar, a través de seis seccións temáticas, toda a información que as leis, tanto a básica como a autonómica, esixen publicar.

Por unha banda facilitarase un acceso sinxelo e directo a contidos que antes se publicaban pero estaban dispersos, como pode ser a normativa en tramitación, as circulares e instrucións de interpretación de normativa, os efectivos de persoal público e as retribucións, perfís e declaracións de actividades dos altos cargos.

Por primeira vez na Autonomía accederase a contido inédito

Doutra banda, o portal incorpora numeroso contido inédito, que é a primeira vez que se fai público na historia da Autonomía. É o caso da relación dos bens inmobles propiedade da Xunta, a conta xeral da Comunidade, a información das viaxes dos altos cargos ou a información relativa aos liberados sindicais na Administración autonómica.

Do mesmo xeito, a partir do vindeiro martes a Plataforma de Contratos publicará diariamente os contratos menores que se asinen no día anterior. A lei básica esixe ás administracións públicas unha actualización, como mínimo, trimestral e a Xunta opta por facela diaria.

Nos vindeiros días, cando comece a asinarse convenios que estean xa baixo a vixencia desta lei, incorporaranse ao portal, facilitando por primeira vez o acceso ao texto completo do convenio. Así mesmo, cando comece a publicarse normativa que iniciase o seu trámite xa con esta lei en vigor, o portal ofrecerá non só o texto do proxecto senón tamén a información sobre os sucesivos pasos da súa tramitación.

Nos vindeiros días, cando comece a asinarse convenios que estean xa baixo a vixencia desta lei, incorporaranse ao portal, facilitando por primeira vez o acceso ao texto completo do convenio.

A cidadanía poderá solicitar información pública de xeito electrónico

Porén, o Portal de Transparencia e Goberno Aberto non só será unha porta de saída de información desde a Xunta senón que tamén se converterá nunha porta de entrada ás solicitudes de información da cidadanía.

Por iso, outro dos puntos do acordo que se aprobou esta mañá foi o visto e prace a unha orde que se publicará mañá, venres, no *Diario Oficial de Galicia* e que habilita os formularios para o procedemento de solicitude de información pública.

En consecuencia, tamén dende o luns 7 de marzo a través do portal existirá a posibilidade de presentación electrónica de solicitudes de información pública á Xunta de Galicia.

Designacións dos responsables da transparencia

Finalmente, o último punto do acordo consiste na designación dos responsables de transparencia dentro de cada departamento e de cada ente do sector público autonómico. Estas persoas serán as encargadas de manter actualizada a información do seu ámbito no Portal de Transparencia e de tramitar e dar resposta ás solicitudes de información pública que lles competan.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 281.000 EUROS PARA COMPLETAR A HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE SABARÍS, EN BAIONA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o departamento autonómico e o Concello de Baiona*
- *O Goberno galego xa ten executado máis de 1,8 millóns de euros na humanización desta travesía ao abeiro do Plan Hurbe*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 281.000 euros para completar a humanización da travesía de Sabarís, no concello de Baiona. Así figura no convenio de colaboración que autorizou hoxe o Consello da Xunta e que asinarán o departamento autonómico e o Goberno municipal.

Tal e como tiña comprometido a titular da consellería, Beatriz Mato, nunha reunión co alcalde da localidade, a Xunta executará agora as obras que corresponden ao tramo da rúa Areas, que vai desde a glorieta Santos Peralba ata o cruzamento coa avenida da Praia Ladeira. Hai que lembrar que nunha primeira fase xa se tiña humanizado a rúa Julián Valverde.

En total, o ámbito de actuación deste convenio abranguerá 5.825 metros cadrados e permitirá crear un espazo de calidade para os veciños a través das seguintes medidas:

- Establecer unha comunicación peonil no cruce da rúa Areas coa avenida da praia Ladeira, que dotará a zona dunha conexión segura coa praia desde o tecido urbano
- Reordenar o tráfico rodado e peonil a un só nivel, coa eliminación de barreiras arquitectónicas e creando unha banda de circulación nun só sentido de circulación e outra banda funcional, que será a que aloxe todo o paquete de equipamentos urbanos que se consideren precisos na beirarrúa, así como o aparcamento nunha marxe no sentido da circulación
- Incorporar novos elementos de mobiliario urbano como bancos, árbores, iluminación ou xardinaría.

En definitiva, o orzamento aprobado hoxe permitirá levar a cabo as actuacións necesarias para o remate das obras, que se incorporarán posteriormente ao patrimonio público municipal.

Cómpre destacar que a Xunta de Galicia xa leva executados máis de 1,8 millóns de euros na mellora e humanización desta travesía, tanto na primeira fase de humanización da Avenida Julián Valverde como na primeira parte da adecuación da rúa Areas.

Estes traballos aprobados hoxe no Consello, igual ca os anteriores, están enmarcados dentro do Plan Hurbe. O departamento autonómico prevé investir 3,7 millóns de euros neste plan ao longo deste ano, o que redundará en actuacións nun total de 15 concellos.

MEDIO AMBIENTE INICIA A TRAMITACIÓN DE LEI DE PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA EN GALICIA

- *O Consello da Xunta deu o visto e prace ao anteproxecto de lei que prevé tipificar de infracción grave o maltrato animal no só na súa representación como violencia; senón tamén por someter os animais a condicións hixiénicas e sanitarias cuestionables*
- *A nova lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados coa creación da figura dos fogares de acollida*
- *O texto incorpora, ademais, como prohibición expresa, determinadas mutilacións nos animais que se realizan en ocasións co fin de manter unhas características dun tipo racial ou estéticas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o anteproxecto de Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia que prohíbe o emprego de todo tipo de trebellos destinados a impedir ou limitar a mobilidade dun animal que lles produza danos ou sufrimentos ou lle impida manter a súa posición normal.

Esta é unha das medidas que recolle esta nova normativa, redactada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que inicia agora a súa tramitación. Un dos principais obxectivos é loitar e evitar o maltrato animal, no só na súa representación como violencia extrema; senón tamén noutras formas de manifestación, tales como someter os animais a condicións hixiénicas e sanitarias moi cuestionables, o seu emprego en espectáculos prohibidos ou noutros nos cales non é posible garantir o cumprimento dunhas condicións mínimas de benestar.

O texto normativo presentado hoxe estrutúrase en 49 artigos, divididos en 9 títulos, 6 disposicións adicionais, 2 transitorias, 1 derogatoria e 2 disposicións finais.

Á marxe dos cambios na división do texto, as principais modificacións na estruturación do texto baséanse nunha división mais sinxela e nítida das distintas materias que se regulan, definindo claramente o concepto de animal de compañía, que comprende tanto aos animais domésticos como aqueles animais silvestres mantidos en cativeiro con fins distintos aos produtivos, sexan ou non potencialmente perigosos en ambos os casos. Neste sentido desaparece o concepto de animais salvaxes en cativeiro substituído polo termo animais silvestres mantidos en cativeiro, dos que será necesario acreditar a súa orixe legal, coas especificacións (autorización previa) no caso de tratarse de exemplares de animais pertencentes a especies autóctonas ou ás declaradas como exóticas invasoras.

En consecuencia, esta normativa non será de aplicación aos animais destinados ao aproveitamento produtivo, aos pertencentes á familia dos équidos domésticos, aos

empregados en calquera espectáculo taurino, aos animais silvestres no medio natural e aos empregados para experimentación.

Outro dos retos que se pretende paliar é o abandono de animais domésticos, que orixina un grave problema nos centros municipais de recollida de animais abandonados; polo que a nova lei potencia e facilita a adopción dos animais abandonados, de xeito que o sacrificio sexa o último recurso ao teren fallado as posibilidades anteriores e que sempre deberá ser prescrito e efectuado por un profesional veterinario. Unha das medidas que destacan é a creación de fogares de acollida, cun réxime de acollemento temporal en que se garanta o coidado, a atención e as condicións hixiénico- sanitarias que precise e estará condicionado á devolución inmediata do animal no caso de que aparecese un adoptante definitivo válido, polo que se prohíbe a adquisición de animais de compañía por menores de 16 anos.

A norma introduce a obriga de identificación en todos os casos dos animais de compañía de especie canina, mediante un *microchip* e a inscrición do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac); unha medida que axudará a minorar a lacra do abandono, xa que resultará máis sinxelo identificar o titular do animal.

Neste obxectivo é moi importante o labor que desenvolven en materia de protección e benestar animal as asociacións de defensa e protección dos animais, que deberán inscribirse no Rexistro Galego de Asociacións, dada a importancia do labor que desenvolven, polo que se prevé a posibilidade de decláralas como entidades colaboradoras da Xunta de Galicia e, de ser así, poden subscribir convenios de colaboración con especial énfase na divulgación e educación para a tenza destes animais.

Por outra banda, a normativa actual (Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro) non recolle como prohibición expresa determinados feitos e condutas no coidado e tratamento dos animais domésticos que na actualidade son socialmente inadmisibles e que deben ser prohibidos, como son determinadas mutilacións nos animais (cortes de orellas, rabos...) co fin de manter unhas características dun tipo racial ou estéticas. De aí que Galicia incorpore este tipo de mutilacións como prohibición expresa no novo texto lexislativo, para ser acorde co disposto no Convenio europeo sobre protección de animais de compañía ETS 125, cuxa sinatura por parte de España foi autorizada por Acordo do Consello de Ministros do 25 de setembro de 2015.

En relación cos animais potencialmente perigosos, ademais de establecer o seu concepto e de concretar as razas de can que teñen tal consideración, establécese a obriga da obtención previa da licenza municipal para poder obter un can desta

categoría, can que deberá ser inscrito no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

Na nova lei tamén se establece un artigo sobre as aves de presa en cativeiro, para as cales será necesario obter previamente unha autorización administrativa concedida pola consellería competente, á vez que deberán ser identificadas individualmente con *microchip* ou anela e inscribirse na sección correspondente do Regiac.

Divulgación, educación e formación

Prestar especial atención á divulgación e educación e formación de protección ambiental facendo fincapé en que a tenza responsable é o mellor e principal instrumento para prever o abandono e o maltrato animal. Neste sentido, a Xunta divulgará o contido desta lei entre os escolares e cidadáns e velará pola inclusión de contidos relacionados coa protección animal nos programas educativos que se desenvolvan no seu ámbito territorial.

Tamén se promoverá a realización de campañas de formación destinadas ás persoas propietarias e posuidoras de animais, co fin de garantir unha tenza acorde coas súas necesidades etolóxicas e fisiolóxicas e obter unha óptima inserción e convivencia dos animais no medio.

Comité Consultivo para a Protección Animal

A nova lei recolle a creación do Comité Consultivo para a Protección Animal, como órgano de estudo, consulta e asesoramento adscrito á Consellería competente en materia de protección animal. Non obstante, o Consello Galego de Protección de Animais domésticos e salvaxes en cativeiro seguirá en funcionamento en tanto en canto non se publique o desenvolvemento regulamentario do novo comité consultivo.

As funcións que terá son a emisión de informes e ditames, así como a realización de estudos que solicite a Administración competente; e promover estudos de planificación e coordinación nesta materia.

A súa composición deberá garantir a presenza de todas as consellerías que gardan relación con esta materia, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das asociacións de protección e defensa dos animais, do Consello Galego de Colexios Veterinarios, así como das entidades de carácter ambiental.

Réxime de inspección e sancións

O título VIII da nova lei determina as competencias da Xunta e dos concellos nas labores de inspección, control e vixilancia, polo tanto, os servizos veterinarios oficiais da Xunta serán competente na comprobación do cumprimento dos requisitos en materia de sanidade e protección animal, saúde pública e ambiente.

Tipifícanse as distintas condutas que constitúen unha infracción como leves, graves ou moi graves e incorpóranse como infracción novas accións ou omisións que non estaban recollidas na Lei 1/1993, do 13 de abril, sobre a venda ambulante, mutilación de animais, e a non identificación dos animais. Unha das novidades do réxime de sanción é a posibilidade de rebaixar o importe no suposto de terse corrixido a situación creada antes de que remate o procedemento administrativo sancionador.

Mantéñense os importes de sanción que está fixados na lei en vigor e no caso de que o cumprimento das obrigas corresponda a varias persoas conxuntamente, así como cando non sexa posible determinar o grao de participación das distintas persoas físicas ou xurídicas, a responsabilidade será solidaria.

Deste xeito, cando se celebren espectáculos prohibidos incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores, senón tamén as persoas que cedesen, por calquera título, terreos, locais ou animais, así como os participantes.

A XUNTA APROBA A LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DO CENTRO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS DE GALICIA

- *O Goberno galego mantén a titularidade das instalacións e exercerá a supervisión, impulso e control da súa actuación*
- *Ata agora, estas instalacións estaban xestionadas pola sociedade de economía mixta Sogarisa, cuxo contrato administrativo vence este ano*
- *A adxudicataria terá que aboar ao Goberno galego un canon anticipado de 3,5 millóns de euros, un canon fixo de 45.000 euros anuais e un variable segundo os beneficios acadados*
- *Tamén deberá dotar un fondo local destinado a actuacións no concello das Somozas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación para a adxudicación da xestión do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia, situado no concello das Somozas. Ata agora, estas instalacións estaban xestionadas pola sociedade de economía mixta Sogarisa, cuxo contrato administrativo vence este ano, polo que se fai necesario abrir este proceso de adxudicación.

Logo de proceder á adxudicación, a Xunta seguirá sendo titular da instalación e exercerá o poder xeral de ordenación das normas de uso e conservación, así como tamén exercerá as facultades de supervisión, impulso e control desta.

Segundo vén establecido no prego de cláusulas, a adxudicataria deberá aboar ao Goberno galego un canon anticipado por valor de 3,5 millóns de euros; un canon fixo anual polo uso das instalacións de 45.000 euros anuais; e un canon variable, que se calculará aplicando distintas porcentaxes en función dos beneficios acadados. Este novo contrato non xera ningún gasto para a Administración, xa que a retribución do adxudicatario consistirá no importe recadado pola prestación de servizos.

Esta non será a única obriga da adxudicataria, que tamén deberá dotar un fondo local destinado ao concello das Somozas para o seguimento de actividades de xestión, obras e infraestruturas locais. O seu importe será equivalente ao 5% da facturación bruta anual das actividades de tratamento de residuos que se efectúen nas instalacións situadas nesta localidade.

Os pregos aprobados hoxe establecen tamén que toda a actividade do centro deberá rexerse pola normativa sectorial, así como polo futuro plan de xestión de residuos industriais de Galicia, que está actualmente en fase de redacción. Deberá tamén cumprir, moi especialmente, as esixencias establecidas na Autorización Ambiental Integrada (AAI) coa que conta a planta de tratamento desde 2013.

Á hora de valorar as ofertas dos licitadores, e no que se refire exclusivamente aos aspectos cualitativos, o Goberno galego terá en conta a coherencia, consistencia e viabilidade do plan de explotación que presenten, priorizando aqueles plans que propoñan a ampliación da infraestrutura pública para mellorar e optimizar o tratamento de residuos. A Xunta valorará tamén o plan de investimentos que se acheguen nas ofertas. Darase maior puntuación a aqueles que susciten maior volume de investimento que resulte adecuado para unha mellor e máis óptima prestación do servizo.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA FACILITAR QUE OS INVESTIGADORES DO SUG ACCEDAN A RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

- *O Consello dá o visto e praxe á renovación das colaboracións co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) e co Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga)*
- *Os acordos xorden da necesidade de favorecer a consulta e o uso de datos científicos e de ferramentas tecnolóxicas, indispensables para seguir avanzando nos proxectos de I+D+i*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará as súas colaboracións co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) e co Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) co fin de facilitar o acceso a recursos de información científica e tecnolóxica aos investigadores do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que deu de novo o visto e praxe a ambos os dous acordos, nos cales o departamento educativo do Goberno galego inviste preto de 1,7 millóns de euros.

Neste sentido, a cooperación con Bugalicia, á cal se destinan 1.175.715 euros, favorece a consulta e o uso dos recursos necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos do persoal investigador e docente das tres universidades do SUG. Trátase, por tanto, de poñer á disposición destes grupos, así como do alumnado, un abano de recursos de información científica en liña e o soporte ás novas tecnoloxías-tales como bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, xestores bibliográficos ou ferramentas de xestión-, que son básicos para realizar os traballos docentes e de investigación.

Con esta axuda -na cal a Consellería mantén o mesmo nivel de compromiso orzamentario que en anos anteriores-, búscase facilitar o acceso á produción científica que se está a xerar dentro e fóra, potenciando ao mesmo tempo as investigacións que se nutren desa información. A maiores, a esta cantidade súmanse despois as derivadas das axudas á consolidación de grupos de investigación, coas que tamén se financian as subscricións de cada institución ás publicacións electrónicas.

Impulso á cooperación interbibliotecaria

Cómpre lembrar que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia naceu co obxectivo fundamental de apoiar a calidade dos servizos bibliotecarios das tres universidades a través da cooperación interbibliotecaria no referido á adquisición e xestión dos recursos electrónicos de información científica, á aplicación de novas tecnoloxías da información adaptadas aos servizos bibliotecarios ou ás conexións a redes nacionais e internacionais, entre outros.

Emprego de tecnoloxía punteira

Por outro lado, a Consellería destina 510.000 euros para que os investigadores das universidades poidan empregar recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, en virtude dun convenio co Cesga. Facilitando o acceso a esta tecnoloxía punteira, o persoal científico dos grupos e centros investigadores do SUG poderá realizar cálculos de altas prestacións ou almacenar datos e comunicacións de banda larga.

De feito, o uso de supercomputadores é unha ferramenta que vertebra a investigación e a innovación, xa que, hoxe en día, non é posible innovar nin investigar se non se dispón de gran capacidade de cómputo e de almacenamento. Deste xeito, a promoción da I+D+i non é factible se non se ten capacidade de procesar grandes cantidades de datos nun curto período de tempo, a través do que se poden resolver os problemas máis complexos.

O obxectivo final é axudar as universidades a incrementar a súa capacidade competitiva a través da innovación, poñendo á súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

A XUNTA DESTINA 180.000 EUROS Á ANÁLISE DOS DATOS RECOLLIDOS POLA UNIDADE TÉCNICA DE PESCA DE BAIXURA PARA A AVALIACIÓN DO ESTADO DAS ESPECIES OBXECTIVO DA FROTA ARTESANAL

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)***

A Xunta destina 180.000 euros á análise dos datos recollidos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB), dependente da Consellería do Mar, no programa de monitoraxe da frota de baixura. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), a través do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo, para facer unha avaliación do estado das especies obxectivo da frota artesanal.

Este convenio, que terá unha vixencia de 3 anos desde a súa sinatura, ten como obxecto a análise dos datos recollidos polos equipos de observación a bordo dos buques para que sexan analizados polos biólogos da consellería e avaliar o estado dos recursos mariños e o efecto das artes extractivas. Ademais, ao abeiro do convenio, formaranse os técnicos do CSIC nas técnicas empregadas para este cometido. O importe completo do acordo distribuirase nas anualidades 2016, 2017, 2018 e 2019.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento composta por dous membros da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e outros dous do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio.

Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo

É un centro dependente do CSIC e encargado de áreas científicas de recursos naturais, ciencias agrarias e ciencia e tecnoloxía dos alimentos. Ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, á formación de persoal e ao asesoramento de entidades públicas e privadas nestas materias.

A XUNTA COMPARECE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE MARINA RODRÍGUEZ BARCIELA

- *Desde o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou comparecer en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*
- *Na actualidade, con este xa son 11 os procesos penais nos que o Goberno compareceu*

A Asesoría Xurídica da Xunta compareceu por instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, como acción popular no caso da morte de Marina Rodríguez Barciela por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia compareceron nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 do Porriño, que aceptou a comparecencia.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero.

No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán, ante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, un escrito procesual cal exerzan a acción popular constatada a existencia do feito, sempre e cando se conte coa autorización da familia para esta acción.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

POLICÍA AUTONÓMICA E GARDACOSTAS INCREMENTARON O ANO PASADO UN 42 POR CENTO A COLABORACIÓN DOS DISPOSITIVOS DE CONTROL DO FURTIVISMO

- *Houbo un total de 365 operativos en toda a costa galega, con preto de 3.000 denuncias e 100 persoas detidas*
- *A finalidade principal é impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire á extracción do marisco como á súa venda e distribución ilegal*
- *Incrementáronse nun 73 por cento as inspeccións a embarcacións, cun total de 1.643 embarcacións inspeccionadas e 1.620 vehículos*
- *O informe conclúe que esta colaboración está sendo altamente eficaz no que atinxe aos seus resultados e obxectivos, facilitando aos traballadores do mar o desempeño do seu labor con garantías de seguridade*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un informe sobre a colaboración entre o Equipo de Resposta Policial (Erpol), da Policía autonómica e o Servizo de gardacostas na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal durante o pasado ano, onde destaca o incremento dun 42,57 por cento no número de dispositivos conxuntos de control do furtivismo.

Durante o pasado ano 2015, a colaboración entre a Policía autonómica e os gardacostas, permitiu establecer un alto número de dispositivos conxuntos de control do marisqueo en toda a costa galega, coa finalidade de impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire á extracción do marisco como á súa venda e distribución ilegal. Así, ao longo do pasado ano realizáronse 365 operativos conxuntos de control do marisqueo en toda a costa galega.

O persoal policial identificou a 6.183 persoas, tramitou 2.756 denuncias e detivo ou imputou 100 persoas por delitos relacionados co furtivismo. Ademais, os axentes autonómicos realizaron 77 controis en estradas, inspeccionaron 1.631 embarcacións - preto dun 73 por cento máis que no ano 2014-, e 1.620 vehículos

Á vista dos datos anteriores resulta evidente que no ano 2015 aumentaron considerablemente todos os parámetros que reflicten a colaboración do equipo Erpol da Policía autonómica coa Subdirección Xeral de Gardacostas, en materia de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

Debemos salientar que a reforma efectuada pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, no que atinxe a determinadas actividades relacionadas con esta materia, constitúe sen dúbida un reforzo importante na loita policial contra o furtivismo.

Pódese concluír que esta colaboración está sendo altamente eficaz no que atinxe aos seus resultados e obxectivos, pero tamén de cara a facilitar aos traballadores do mar o desempeño da súa labor con garantías de seguridade, nunha actividade que é de grande importancia para a poboación que de xeito directo ou indirecto ten no marisqueo o seu medio de vida.

De cara ao ano 2016, esta colaboración vaise manter, e mesmo incrementar na medida do posible, de maneira que se consoliden definitivamente as intervencións do persoal policial da UPA nas tarefas de control e loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

Vicepresidencia reforzou, como unha tarefa específica da Policía autonómica, a loita contra o furtivismo en colaboración coa Subdirección Xeral de Gardacostas. Así, xa a comezos de 2010 se integraron parte dos seus axentes nun grupo especial, o Erpol; que foi debidamente formado e dotado para acometer con garantías esta colaboración profesional e combater as actividades ilícitas nesta materia.

A XUNTA ACTIVA A AXENDA 20 PARA O EMPREGO CON 900 MILLÓNS PARA IMPULSAR A CALIDADE E ESTABILIDADE LABORAL NO NOVO MODELO PRODUTIVO

- *Esta ferramenta do Goberno galego inclúe 20 medidas centradas na mellora e creación de emprego, a formación e a eficacia dos servizos públicos*
- *Cun investimento anual de 180 millóns, a Axenda reforzará a atención especial que xa presta aos colectivos con maiores dificultades de acceso a un posto laboral*
- *Entre os obxectivos cara ao 2020 está reducir o desemprego ata o 10% coa creación de 100.000 postos de traballo; e crear ou converter en indefinidos 50.000 contratos*
- *Destina 63,4 millóns de euros ao novo programa APROL de incentivo á contratación e creará as lanzadeiras de emprego con sete millóns para promover o emprendemento e o autoemprego*
- *Potenciará a formación orientada ao mercado con máis de 58 millóns de euros, cun pulo á FP dual e respondendo ás necesidades que formula a nova Industria 4.0*
- *A folla de ruta recolle ademais a creación de unidades de formación na empresa con compromiso de contratación e un programa específico de emprego no rural*
- *Está elaborada desde unha visión global e conta coas achegas dos axentes sociais e doutras consellerías*

A Xunta acaba de aprobar e activar con 900 millóns de euros a Axenda 20 para o Emprego para impulsar o emprego estable e de calidade para o novo modelo produtivo de Galicia, baseado no crecemento e no coñecemento. Esta nova ferramenta do Goberno galego foi elaborada cunha visión global e conta coas achegas dos axentes sociais e doutras consellerías, ademais de Economía, Emprego e Industria, como as do Medio Rural, Mar, Política Social e Educación.

A través de 20 medidas, que contarán cun investimento anual de 180 millóns de euros, o Goberno galego busca reforzar a atención especial que xa presta aos colectivos con maiores dificultades de acceso a un posto laboral.

Esta folla de ruta ten como obxectivo reducir o desemprego ata o 10% coa creación de 100.000 postos laborais ata 2020. Para iso céntrase en 3 retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo para crear ou converter en indefinidos 50.000 contratos; reforzar a formación e especialización ao longo da vida laboral e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes e empresas.

Para potenciar o emprego de calidade, a Axenda inclúe ata 2020 dez medidas entre as que destacan a posta en marcha do Programa APROL, con 63,4 millóns, de incentivos para promover a contratación, especialmente entre os colectivos máis desfavorecidos:

persoas con discapacidade, desempregados de longa duración, a mocidade e as mulleres para as que se porá en marcha o Plan de emprego en igualdade. Esta iniciativa tamén aposta polo fomento do emprego autónomo, a Economía Social e o sector do mar.

Así mesmo, apoiaranse as lanzadeiras de emprego con sete millóns para promover o emprendemento e o autoemprego e o incentivo a autónomos e pemes para a contratación indefinida inicial ou transformación de contratos temporais en indefinidos con 1 millón.

Poranse en marcha, ademais, con seis millóns de euros, novos incentivos para a contratación con compromiso de contratación de persoas formadas segundo as demandas das empresa. Farase fincapé en traballadores de I+D+i para apoiar os procesos de innovación das pemes e de persoal para elaborar, implantar e realizar o seguimento de diagnósticos e plans de responsabilidade social empresarial (RSE).

A Xunta apoiará tamén as pemes para implementar medidas de conciliación e flexibilidade, e fomentarse o uso das TIC para a posta en marcha do teletraballo, ao mesmo tempo que se promoverá na negociación colectiva a inclusión de medidas de RSE.

Por último, para potenciar o emprego de calidade, incidirase na mellora das condicións no traballo a través da execución da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2016-2020, con especial atención aos riscos emerxentes. Identificaranse no Observatorio de Emprego as demandas a curto e medio prazo, realizando estudos de novos perfís profesionais para a nova Industria 4.0 e identificando novas ocupacións clave.

Unidades de Formación na empresa

A Consellería, doutra banda, impulsará un total de seis novas medidas para a formación e capacitación como pancas de cambio. Para iso, entre outras accións, apoiarase con 2 millóns de euros a creación de unidades de formación na empresa, impulsando a especialización e capacitación con compromiso de contratación, e porase en marcha un proxecto piloto de cheque formación para que os desempregados teñan liberdade de elección e os acredite para realizar cursos concretos dirixidos a mellorar a súa empregabilidade, establecendo medidas para avaliar a súa eficacia.

Como núcleo importante na formación, con 58 millóns de euros, definiranse as necesidades requiridas polo mercado laboral, especialmente pola Industria 4.0 en coordinación coas iniciativas do programa Capacita do Igape. Ademais, iniciarase un Programa de formación e emprego no rural con 4,6 millóns que se complementa con 5 millóns de financiamento para proxectos a través de XesGalicia.

Neste ámbito tamén se porá en marcha un Plan de avaliación de políticas públicas de formación para o emprego en todas as súas modalidades, coa participación dos axentes sociais, apoiado nun sistema de información integrado. Neste senso, realizarase un rexistro de centros de formación flexible, áxil e accesible e estableceranse novas medidas de control da execución da formación. Por último, neste ámbito, reforzaranse e modernizaranse os centros de formación profesional para o emprego dependentes da consellería para satisfacer as demandas do sistema produtivo.

Para acadar o terceiro reto da Axenda 20 para o Emprego, a modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e acadar un novo enfoque da orientación laboral, levaranse a cabo catro medidas entre as que destacan a elaboración e difusión da carteira do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), ao tempo que se implantará un sistema de xestión de calidade e de mellora continua para proporcionar aos usuarios os servizos apropiados, segundo as súas necesidades e habilidades e porase en marcha un novo portal do SPEG.

Novo modelo de orientación aberta

Por último, impulsarase con 18 millóns de euros o novo modelo de orientación aberta, que inclúe accións para o alumnado de formación superior de últimos anos e novas ferramentas para a análise do mercado laboral e, neste eido, tamén se potenciará a atención a empresas tanto desde as oficinas de emprego como nas de apoio á empresa, orientándoas a servizos, pemes e emprendedores. Afondarase tamén na formación continua do persoal técnico propio do SPEG desenvolvendo un currículo específico e especializado en relación aos servizos que se prestan.

O obxectivo da Axenda 20 para o Emprego con estas actuacións é tamén mellorar os índices de inserción tras a formación, situando a porcentaxe nun 60%. Así mesmo, pretende apoiar a creación de 500 novas empresas de economía social e impulsar a RSE aumentando nun 20% os diagnósticos nas empresas galegas e incrementar nun 25% as prazas e as cualificacións profesionais.

A XUNTA DE GALICIA DARÁ CONTINUIDADE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA ATENCIÓN A PERSOAS SEN TEITO

- *A Administración autonómica investirá un total de 165.000 euros no programa de acompañamento que desenvolverá a entidade*
- *O obxectivo desta acción é lograr o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favorezan o proceso de inserción individual das persoas en situación de vulnerabilidade*

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe da Consellería de Política Social co obxecto de dar continuidade ao convenio de colaboración con Cruz Vermella Española en Galicia para a execución dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito ou en situación de vulnerabilidade extrema. Trátase dun programa integral de atención ás persoas sen fogar que carezan de residencia ou domicilio estable e se atopen en situación sociofamiliar vulnerable, sen ingresos, nin traballo. O programa levará a cabo accións de detección de patoloxías mentais, alcoholismo e outras adicións sufridas polas persoas destinatarias da iniciativa, prestará información e derivará aos usuarios cara aos servizos pertinentes e proporcionará asesoramento social e legal. O obxectivo final é lograr o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favorezan o proceso de inserción individual.

Cruz Vermella Española en Galicia desenvolverá o dito programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito, que ademais establecerá liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen fogar, a través dos servizos sociais existentes nos termos municipais da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela e dos equipos de intervención creados para desenvolver as accións do dito programa.

A Xunta de Galicia destinará un total de 165.000 euros no presente exercicio a este convenio, o que supón 15.000 euros máis con respecto ao pasado ano. Trátase dun acordo con vixencia anual e continuidade no tempo a través do cal, desde o ano 2007 ata a actualidade, un total de 5.171 persoas foron atendidas.

As persoas sen fogar constitúen na actualidade unha das realidades máis dramáticas que presenta a exclusión social, deste xeito, a Administración autonómica traballa en dar respostas globais e integradas, que respondan ás necesidades dos grupos e persoas con maiores desvantaxes sociais, potenciando a máxima coordinación e proximidade territorial posible. Cómpre destacar que este programa está integrado na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014- 2020, que constitúe a folia de ruta para promover a inclusión social dos colectivos en situación de vulnerabilidade.

O DOG PUBLICA A ORDE DE PARTICIPACIÓN XUVENIL INICIATIVA XOVE, QUE SUFRAGA PROXECTOS DE ATA 5.000 EUROS EXECUTADOS POR MOZOS E MOZAS

- *O programa, pioneiro no Estado, aposta por ceder o protagonismo á mocidade a través da estimulación do liderado, a creatividade e o talento xuvenil*
- *A Xunta de Galicia inviste na iniciativa preto de 550.000 euros en 2016*

A Consellería de Política Social presentou hoxe no Consello da Xunta o informe sobre o programa de participación xuvenil Iniciativa Xove que desenvolve a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dende o ano 2010. Ademais, nesta mesma xornada, o *Diario Oficial de Galicia* publica a orde de axudas enmarcadas neste programa de fomento da participación xuvenil.

Iniciativa Xove é un programa de educación non formal pioneiro no ámbito de todo o Estado, que aposta por ceder o protagonismo á mocidade, fomentando valores positivos como a responsabilidade, a comunicación ou o sentido da iniciativa; e solicitándolles propostas que posteriormente apoia a Xunta de Galicia co propósito de estimular o liderado, a creatividade e o talento xuvenil. As políticas máis modernas e innovadoras en materia de xuventude en toda Europa teñen como nexos de unión a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas. Así, Iniciativa Xove representa o compromiso da Xunta de Galicia coa educación non formal, como ferramenta para estimular o protagonismo da xuventude e o talento dos líderes do futuro, tal e como recolle a primeira Lei de xuventude de Galicia.

Esta iniciativa contará en 2016 cun investimento de 547.364,95 euros, un orzamento dirixido tanto a asociacións xuvenís como a grupos informais de mozos e mozas. O programa está concibido como un instrumento para que a mocidade poida demostrar a súa capacidade para organizar, emprender e impulsar actividades en que os actores principais son eles mesmos. Así, grazas á axuda económica da Xunta de Galicia, este programa permite financiar o cen por cento dos proxectos presentados, que non poden superar a contía máxima de 5.000 euros por proxecto, e incorpora como nova área prioritaria de actuación o financiamento de proxectos que contribúan á conservación do medio ambiente e posta en valor do patrimonio natural.

Todas as entidades e grupos aos cales se lle conceda a axuda e o soliciten, recibirán un anticipo do 80% sobre o total da cantidade concedida. Unha medida que evita que a posible falta de liquidez das persoas novas constitúa un impedimento para a posta en marcha das súas ideas.

Unha vez finalizados os proxectos, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación nos programas de educación non formal e sobre todo valorar as competencias adquiridas.

Nesta lexislatura culmínase o proceso iniciado en 2010, que permitiu a renovación total dos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tras o cambio do marco de traballo, antigamente baseado na xestión do ocio e do tempo libre, na actualidade se desenvólvense actuacións onde a adquisición de novas competencias xuvenís se realiza a través de programas de educación non formal.

Nos últimos anos a Administración autonómica puxo en marcha proxectos pioneiros a nivel de todo o Estado, que facilitan aos mozos e mozas a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes que aumentan as súas posibilidades de empregabilidade, ademais de Iniciativa Xove, os programas Erasmus+, Voluntariado Xuvenil, Galeuropa, Campaña de Verán e Deseñando o teu Futuro.

A XUNTA IMPULSA A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA CUN INVESTIMENTO DE 22 MILLÓNS DE EUROS PARA ESTE ANO

- *O Consello da Xunta informou hoxe das actuacións que se levarán a cabo dentro do Plan de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, co que se pretenden rematar as 137 zonas activas que hai arestora na nosa comunidade*
- *Preténdese empezar a traballar nas zonas prioritarias agropecuarias para incrementar a súa base territorial, así como naquelas áreas con importancia hortícola, vitícola e forestal*
- *Dende que comezou a concentración parcelaria en Galicia actuouse sobre 1.025 zonas, das que o 76,68% están xa rematadas*

O Consello da Xunta informou hoxe das actuacións previstas para este ano do Plan de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que contará cun orzamento de 22 millóns de euros. Desta forma, preténdese seguir avanzando nos 137 procesos de reestruturación abertos na nosa comunidade, que afectan unha superficie total de 119.003 hectáreas, co obxectivo de que todas as zonas estean en disposición de seren rematadas nos próximos 4 anos.

O obxectivo fundamental deste plan é establecer os mecanismos e recursos para mellorar a estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia. Así, veranse melloradas as súas condicións técnicas e económicas, co fin de facelas máis sustentables e competitivas. Tamén se verá incrementada a superficie das explotacións, posto que se van mobilizar os predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono, así como aqueles que, non formando parte de explotacións agrarias, favorezan medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestrutura para uso agrario.

De igual xeito, preténdese ordenar a estrutura territorial agraria, facilitando a adecuación do territorio daquelas áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos para potenciar a súa conservación e permanencia e, de paso, mitigar os efectos do cambio climático.

Por último, e non menos importante, a reestruturación do territorio permitirá mellorar as vías de comunicación, non só para os predios, senón entre a poboación, o que supón maior dotación de servizos básicos que potencian a calidade de vida no rural e, por conseguinte, a fixación da poboación neste eido.

Actuacións por provincias

Na selección de zonas con que traballar tivéronse en conta aquelas actuacións que favorezan a finalización de procesos de reestruturación parcelaria xa en marcha, valorando cuestións económicas, e se teñen ou non camiños feitos, entre outras.

Así, vaise traballar en 51 zonas da provincia da Coruña, que afectan unha superficie de 52.333 hectáreas; 16 zonas de Lugo, nunhas 23.119 ha; 32 zonas en Ourense, que supoñen unha afección de 23.119 ha; e 38 zonas abertas na provincia de Pontevedra, que supoñen unhas 30.912 ha. Deste xeito, vaise actuar nun total de 920.899 parcelas pertencentes a 100.155 propietarios.

Con esta planificación, e cun prazo estimado de catro anos, o 80% das zonas vivas de Galicia estarían administrativamente finalizadas, é dicir, chegarían á firmeza do acordo cando menos. Por provincias, A Coruña sería a máis avanzada co 92% finalizado, seguida de Lugo co 87,5%, Ourense co 84% e Pontevedra co 60%.

Balance

Desde que comezou a concentración parcelaria en Galicia actuouse sobre 1.025 zonas de reestruturación parcelaria, das que o 76,68% están xa rematadas, o 9,95% paradas e quedan o 13,36% aínda activas. A superficie afectada por esas 1.025 zonas é de 543.766 hectáreas e afecta 428.674 propietarios e 4.110.559 parcelas.

A reestruturación parcelaria é fundamental para a engalaxe socioeconómica do agro galego, posto que permite o redimensionamento das explotacións agrarias, facéndoas máis rendibles e abaratando os custos de produción, á vez que se incrementa a súa sustentabilidade e competitividade no mercado.